

Andrea levantouse con preguiza aquel frío domingo de xaneiro pero con determinación para levar a cabo a tarefa encomendada.

Andrea ten dezasete anos e leva toda a súa vida vivindo con Xabier e os seus “imáns” ou máis ben compañeiros de oficio. Xabier actuaba como unha especie de pai se se pode dicir así, para Andrea, Iago e Uxío (estes dous últimos eran os seus “irmáns”) pero os tres sabían perfectamente que non era o seu pai de verdade, simplemente era un home ambicioso, tirano, pouco comprensivo e autoritario para o que traballaban roubando a cambio da súa “solidaridade” de sacalos da rúa de pequenos e darlles un teito baixo o que durmir.

Ningún dos tres rapaces tivo a sorte de poder ir á escola nunca, xa que tiñan que dedicarse única e exclusivamente ós traballiños de Xabier. Non tiñas permiso para nada máis que para realizar as vulgares e pouco lexítimas tarefas que lles mantiñan con vida ao seren a única fonte de ingresos de Xabier pero Andrea aproveitaba para facer o que amaba facer, o que tan ben se lle dabae que era a súa vía de escape do pesadelo que vivía diariamente na casa: correr.

Non tivera ningunha vida coa que comparar a súa pero sabía de contado que non era a vida que quería, o seu soño era dedicarse á súa paixón e ser atleta profesional aínda que as súas esperanzas eran limitadas, case inexistentes. Pero Andrea non sabía que o traballo que tanto despreciaba convertiríase pronto na súa salvación.

Ese domingo ían asistir a unha comida de gala no palacete da vila, onse se celebraban as comidas con políticos e xente importante do país. Un sitio perfecto para conseguir os cartos para as comidas das vindeiras semanas e as frecuentes visitas de Xabier ao casino completamente en van. Un par de reloxos, unhas cantas carteiras e mesmo quizáis algún anel de voda.

Cando ían facer os traballiños encomendados por Xabier, el sempre quedaba na casa mentres os tres mozos facían o traballo sucio para garantir a breve ledicia de Xabier.

O domingo ás dúas debían entrar co traxe de camareiros pola porta de servizo. E iso foi o que fixeron, sen ningún tipo de incidente ata que Andrea quixo poñer en marcha a súa ambición. Estaban a punto de marchar pero Andrea non ficara satisfeita.

Quería máis, quería sentir o risco rozándolle a súa loura melena, quería arriscarse a facer algo que lle permitira demostrar o seu gran talento para correr, e así foi.

-Ide para casa, eu chegarei en breve, dicídlle a Xabier que lle vou conseguir un novo televisor -díxolle Andrea a Uxío e a Iago ignorando as súas negativas, sen esperar en absoluto o que ía a acontecer a continuación-

Cando Uxío e Iago xa marcharan, Andrea volveu entrar no antigo edificio para levar a cabo o seu desexo: roubar unha moto. Non porque lle apaixonaran eses perigosos

vehículos , senón por simple ambición, soberbia e bastante envidia cara aquela xente que sí que puido vivir a vida que merecía.

Chegou ao aparcadoiro decidida a facer unha ponte para levar consigo a moto máis cara do lugar. Xa case o tiña, xa sentía a satisfacción de Xabier pero de súpeto, alguén pousou a súa man no seu ombreiro dereito.

-Que fas, neniña?- un home con aspecto imponente residía diante da nena con seriedade. Entón Andrea fixo o que todos pensaríamos nesa situación: correr. Correu coma nunca o fixo, non podía estar pasando pero en cambio sí que estaba pasando. Podería ter acontecido doutra maneira mais o destino non o quixo asíe bateu contra unha farola en medio da súa carreira pola salvación, quedando inconsciente.

Cando espertou viu ao home do aparcadoiro diante súa, pareceulle que estaba no seu apartamento xa que era luxoso e moi espacioso.

-Ohhh! Xa espertaches, neniña?

-Por favor non me leves á policía, tan só teño dezasete anos...-o home non lle deixou continuar-.

-Fica tranquila, non lle vou dicir a ninguén as túas intencións o domingo pero terás que cumprir un trato: quedarás a vivir aquí ata participar no campionato rexional de atletismo dentro de dúas semanas, por certo chámome Lois.

Andrea non puido reaccionar no momento, Lois era un anxo caído do ceo, esa era a súa oportunidade de saír do cárcere de vida que seguramente Lois xa asumira ao vela alí o domingo. Lois brindáralle a oportunidade da súa vida, e aínda que Andrea se sentira triste ao principio por deixar ós seus “irmáns”, sabía que en canto cumprira o seu soño, volvería a por eles.

Lois non só puido imaxinar a vida que levaba Andrea ao levala á súa casa ata o campionato senón que tamén puido apreciar o seu talento porque dende aquela carreira rexional, Andrea non parou de correr cada vez a niveis máis importantes, sempre a carón de Lois, sempre a carón do seu anxo, sempre a carón da persoa que lle dera oportunidades para correr e á vez ás para voar.